



Actividades de Verán

* PISCINA MUNICIPAL:

Aberta do 21 de xuño ó 8 de setembro co seguinte horario:

- Mes de Setembro de 15:00h. a 20:00 h.
- Meses de Agosto de 12:00h a 20:00h.

O prezo da entrada é de 1 € os adultos (a partires de 18 anos) e 0,50 € os nen@s e gratuíta para os posuidores do carné de actividades municipais (10 € persoa / 20€ familia anuais).

As actividades complementarias:

- Aprende a nadar 1: Destinado a nenos/as que non saben nadar.
- Aprende a nadar 2: Destinado a nenos/as que xa saben aguantarse sen material auxiliar (manguitos, churros...).
- Escola de Natación Adultos: Dirixido para persoas a partir de 18 anos.
- Aquagym: Dirixido a persoas a partir de 16 anos. É unha actividade que consiste en exercicios físicos na piscina orientados a favorecer a corrección postural, circulación sanguínea, relaxación e mellorar a condición física xeral. Recomendable para calquera persoa xa que é unha modalidade divertida e sinxela de facer deporte, diminuindo o impacto nas articulacións.

* **GAP** Os martes, as clases retomaranse no mes de setembro, do día 3 ao 24 de setembro. No polideportivo municipal de 21:00 a 21:45

* **PILATES** Os mércores, as clases retomaranse no mes de setembro, do día 5 ao 26 de setembro. No polideportivo municipal de 21:00 a 21:45

* **SAIDAS Á PRAIA: 28 de agosto** Saída á praia desde o Centro de Maiores ás 15:00 h. Deberanse anotar no concello, ou ben, chamando ao 981 51 60 20. Número limitado de prazas (25) por orde de inscrición; mínimo 20 inscrit@s. Totalmente gratuíto pero deben contar co carné de actividades municipais.

* **OBRADOIROS DO MES DE AGOSTO.** Na zona da piscina municipal ás 17:00 horas

- 9 de agosto Obradoiro de pulseiras (+ 5 anos) (2 horas)
- 16 de agosto Obradoiro de fotografía con móbiles (+ 12 anos) (4 horas)
- 23 de agosto Obradoiro de bolsas reutilizables (+ 5 anos) (2 horas)

Estes obradoiros serán totalmente gratuítos, é obrigatorio anotarse nas oficinas do Concello ata dous días antes da data de celebración do obradoiro, xa que deberá de haber un mínimo de 8 inscritos para que se celebre a actividade. Prazas limitadas.

* XIII CARREIRA POPULAR DE BOIMORTO

Este ano a Carreira Popular terá lugar o sábado 31 de agosto de 2019. Para inscribirse deben acudir a web www.championchipnorte.com ou ben no Concello para atletas de categorías escolares.

Os horarios das carreiras serán os seguintes:

| Hora saída | Categoría | Distancia |
|------------|---------------------|------------|
| • 18:30 h. | Chupetes | 200 mts |
| • 18:45 h. | Prebenxamins | 500 mts |
| • 19:00 h. | Benxamins e alevíns | 1.000 mts |
| • 19:15 h. | Infantis e cadetes | 3.175 mts |
| • 19:45 h. | Carreira absoluta | 10.000 mts |

Ao remate das carreiras a iso das 9 da noite terá lugar a entrega de premios no polideportivo.

* **Actividades o teu xacobeo.** Dentro deste programa da Xunta de Galicia desenvólvense en Boimorto varias actividades:

- 03 de Agosto. 19:00 horas. Festa do Camiño na zona da Telleira, Inchables e animación para todas as idades.
- 30 de agosto. 22:00 horas. Ruta nocturna, saída dende a Área recreativa das corredoiras anotarse en cultura@boimorto.es
- Os mércores de setembro. De 16:00 a 19:00 horas Obradoiro de cociña anotarse en cultura@boimorto.es
- 02 de outubro. 18 a 21 horas. Creación dunha curtametraxe sobre o camiño anotarse en cultura@boimorto.es a partir dos 14 anos.
- Os luns do 20/09 ao 22/10. Obradoiro inglés conversacional, a partir de 14 anos, anotarse en cultura@boimorto.es
- Os mércores de 11/09 ao 09/10. Obradoiro de fotografía sobre o camiño, no centro social de maiores, anotarse en cultura@boimorto.es
- 14 de setembro 10:00 horas, Festa da bicicleta, anotarse en cultura@boimorto.es ou no Concello.



Xacobeo 2021



Festival de la Luz

* Como ben sabedes os días 6, 7 e 8 de setembro teremos en Boimorto a 7ª Edición do Festival de la Luz. Unha nova edición que volve cargada de artistas de renome e como cabeza de cartel a filla predilecta do Concello de Boimorto, Luz Casal. Máis non só de música se nutre o festival: actividades para os máis pequenos, gastronomía,... As poucas entradas que quedan están á venda na web do festival: <https://www.festivaldelaluz.es/>

*Esta aberto o prazo para inscribirse como voluntari@ para o Festival, debes remitir por correo electrónico copia do teu DNI e teléfono de contacto. Ao e-mail: voluntariadofluz19@gmail.com

Servizos Sociais

* **SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS DIFICULTADES DE MEMORIA.** Dirixido a persoas maiores de 60 anos preocupadas pola súa memoria e familiares de persoas con demencia que precisen asesoramento. Para participar podes dirixirte ó teu médico de cabeceira ou nos servizos sociais do concello.

Lugar de realización: Centro Social Municipal de Maiores. Contacto: 981516075 / 647344367.

* **CENTRO DE MAIORES** O Centro Social Municipal de Maiores volverá abrir as súas portas o 10 /09 / 2019 co horario de costume e servizo de transporte.

* **PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)** O Punto de atención á infancia (PAI) iniciará o novo curso o 3 de setembro en horario de 8:30 h a 16:30 h. Máis información nos servizos sociais (981 516075).

* **BEBETECA.** Obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 1 a 7 anos. Servizo gratuíto que pretende: Ofrecer un lugar de xogo e de imaxinación para os nenos/as; Favorecer a relación entre os nenos/as e as súas familias realizando actividades nas que os adultos participen dun xeito activo; Favorecer a relación entre os nenos/as destas idades... Nas actividades deberán participar o neno/a e un titor/acompañante que serán coordinados por unha mestra. Horario de 16:45 h a 18.15 h (martes).

Incricións: ata o 30 de setembro chamando ós servizos sociais do concello de luns a venres en horario de 9:00 a 10:15 e de 13:00 h a 15:00 h.

* **SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA**

Horario: de luns, martes, mércores e venres de 12:30 a 15:00.

Atención con cita previa. Teléfono: 981 51 60 75.

Información sobre a Lei incendios e a Lei do Solo de Galicia

* Os incendios forestais constitúen unha ameaza moi importante para o noso entorno, comprometen a sustentabilidade económica e social de Galicia e poñen en risco a seguridade de persoas e bens. O obxectivo prioritario e fundamental da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada a raíz dos trágicos incendios acontecidos no mes de outubro de 2017, é o de incidir na protección das persoas e bens fronte aos incendios forestais.

A Lei establece unhas condicións de prevención específicas para as denominadas "redes secundarias de faixas de xestión de biomasa", cuxa función prioritaria é a protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. (Artigo 20.4. da Lei 3/2007 de 9 de abril) Nas redes secundarias é obrigatorio para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Con carácter xeral, na franxa de 50 metros non poderá haber árbores das especies sinaladas na Disposición Adicional Terceira da Lei (piñeiros, eucaliptos e acacias). As distancias mediranse, segundo os casos:

- a) Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.
- c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasolineras e parques e instalacións industriais.

No solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23, da Lei. Polo tanto os propietarios de fincas desenvolverán, de cara a manter as correctas condicións os seguintes traballos:

a) Na franxa de 0 a 15 m (perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións) a eliminación de todo tipo de vexetación herbácea, arbustiva e arbórea.

b) Na franxa de 15 a 50 m (perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións) en relación co:

b.1) Estrato arbustivo e herbáceo: a eliminación total da vexetación seca e a eliminación total da vexetación arbustiva e herbácea existente ata unha altura máxima de 20 cm

b.2) Estrato arbóreo: cota das árbores de especies non permitidas na franxa dos m (piñeiros, eucaliptos e acacias). Poderanse conservar outras especies arbóreas (carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, sobreiras) nas condicións que sinala a m entre elas, árbores de - normativa (masas mixtas distanciadas 7 m entre elas, árbores de 0-11,4 m poda ata 1/3 da altura, árbores maiores de 11,4 m, poda mínimo 4 m)

* Por outra banda o artigo 135 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia esixe aos propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións conservarlos nas condicións legais para servir de soporte a ditos usos e en todo caso nas correctas condicións de seguridade e salubridade.

Coa chegada do bo tempo a proliferación de vexetación incontrolada a acumulación de lixo e outros elementos pode causar incendios e pragas que poñan en risco a seguridade de persoas e bens.

É por isto polo que todos os propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións deberá mantelos libres de desfeitos e residuos e nas debidas condicións de hixiene, seguridade e salubridade o que inclúe a esixencia de desratización, desinsectación e desinfección de fincas es solares ademais de construcións, edificacións e instalacións.